



Certame
literario de

SAMAÍN



BASES



Certame literario

Un samaín de medo

Bases

Este certame propónse para fomentar a escrita creativa por volta das tradicións galegas como, neste caso, o Samaín.

1. Participantes

Poderá concorrer a este certame todo alumnado da ESO do IES Plurilingüe Neira Vilas sempre que os relatos se axusten ao especificado nestas bases.

Establécense tres categorías atendendo ao curso que pertenza cada persoa:

- Categoría 1: 1º da ESO
- Categoría 2: 2º da ESO
- Categoría 3: 3º e 4º da ESO

2. Obras: temáticas e formato

Os relatos serán inéditos, escritos en lingua galega e presentaranse co título orixinal, pero baixo pseudónimo (sen ningún dato que identifique a persoa autora). Cada relato irá acompañado dun sobre que, por fóra, leve escrito o título e o pseudónimo da persoa autora e, dentro, os datos que correspondan ao curso e o nome de quen escribiu o texto.

O profesorado de galego presentará na aula as regras da escrita creativa que rexen este certame, baseada na creación e tendo en conta elementos como o mes de nacemento, o número favorito, etc Os textos que concorran ao concurso presentaranse manuscritos e con letra lexible, escritos nunha

soa cara e cunha extensión de vinte liñas nunha folla A4. Poderán ir acompañados de deseños, ilustracións, etc, se a persoa autora considera que enriquecen a narración.

3. Lugar e prazo de presentación

A obra, acompañada polo sobre cos datos, presentárase no Departamento de Galego ou no de Dinamización Lingüística a través da profesora que imparta a materia de Lingua Galega e Literatura no curso que lle corresponda á persoa autora.

O prazo de presentación das obras remata o venres 25 de outubro de 2024.

4. Constitución do xurado e fallo

O xurado estará formado polo alumnado relacionado coa cultura, a lectura e a literatura. Actuarán como integrantes do xurado os grupos de segundo de bacharelato xa que son as persoas que máis cursos dedicaron ao estudo da lingua e das obras literarias neste centro educativo.

O seu fallo será inapelable e non poderá declarar o premio deserto.

5. Premio

Outorgoranse tres premios por cada categoría.

Os traballos presentados formarán parte dunha exposición que se realizará no centro con motivo da celebración do Samaín.

6. Aceptación das bases

A presentación a este concurso supón a aceptación das presentes bases.